



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN INSTITUCIONAL ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O INTERCAMBIO DE COÑECEMENTO, A FORMACIÓN E A DIFUSIÓN NO MARCO DO PROXECTO DE COMPRA PÚBLICA DE INNOVACIÓN "CENTRO GALEGO DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS EN TORNO Á CADEA DE VALOR DO H2 VERDE".

(asinado electronicamente o 15 de marzo de 2024)

REUNIDOS

Dona _____, Conselleira de Economía, Industria e Innovación, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomea aos titulares de vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e segundo o establecido no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, en vigor ata que sexa desenvolvido o novo decreto de estrutura orgánica da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

Doutra parte, D. _____, reitor da Universidade de Vigo, segundo nomeamento efectuado polo Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, actuando en nome e representación desta, en virtude dos poderes outorgados polo artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, Campus Universitario, 36310 Vigo.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para subscribir en nome das súas respectivas entidades o presente convenio marco, e para ese efecto,



MANIFESTAN

I.- Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación (Decreto 116/2022, do 23 de xuño) é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio, entre outras, de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, apoio ao sector empresarial e mellora da competitividade das empresas, incidindo na transformación dixital empresarial e na sostibilidade industrial, así como as relativas a enerxía, investigación, desenvolvemento e innovación.

II.- Que o Decreto 116/2022, do 23 de xuño, dispón a creación da Secretaría Xeral de Industria como órgano de dirección ao que se lle atribúen, entre outras, as seguintes funcións: o desenvolvemento, a promoción e coordinación da política industrial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia; a identificación das actividades industriais que, pola súa relevancia no ámbito tecnolóxico, innovador ou potencial para xerar cadeas de valor competitivas, concentran as oportunidades de negocios futuros; e a interlocución, no ámbito industrial, cos diferentes axentes económicos e sociais con representatividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

III.- Que a Universidade de Vigo, constituída ao abeiro da Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, derogada e substituída pola vixente Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, é unha entidade de dereito público ao servizo da sociedade, que goza de autonomía e está dotada de personalidade e capacidade xurídica propia.

A Universidade de Vigo, no marco das súas competencias, desenvolve entre outras as actividades de creación e transmisión do coñecemento a través da docencia, a investigación, a transferencia da extensión universitaria e a divulgación científica, estando interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar o cumprimento dos seus fins.

IV.- Para tal efecto, as partes entenden do seu común interese a conveniencia de impulsar lazos de colaboración e cooperación, co fin de sumar esforzos que permitan desenvolver actuacións no campo da docencia, o asesoramento, a investigación e a cooperación no ámbito dos seus fins e competencias respectivas. Para tal fin desexan establecer relacións en todas aquelas materias que, sendo obxectivo común, contribúen ao cumprimento dos seus fins.



V.- Que o 23 de xuño do 2023, publicouse no BOE a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, do Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación cuxa finalidade é o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores adquiridos por parte de compradores públicos a través do mecanismo da Compra Pública de Innovación, co fin de:

- a. Mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia;
- b. Mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial mediante a contratación;
- c. Reforzar a comercialización da innovación empregando ao cliente público como cliente lanzador ou de referencia;
- d. Estimular o emprendemento e a innovación, particularmente das PYME.

VI.- Posteriormente, o 21 de febreiro de 2024 publicouse a orde de 16 de febreiro de 2024 pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2024 das axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación (CPI), en adiante a Convocatoria (Código BDNS: 744553).

VII.- Que a Consellería de Economía, Industria e Innovación ten intención de solicitar unha axuda para o desenvolvemento do proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 verde" no marco da Orde de convocatoria citada anteriormente.

VIII.- Entre os criterios de priorización das operacións que dispón a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, do Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento de Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación, establécese a participación de axentes de I+D+i a través da sinatura de convenios de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, solicitante da axuda, e estes, para o desenvolvemento do Proxecto.

Por canto antecede, as partes asinantes na respectiva representación que cada unha delas ostenta, acordan subscribir o presente convenio marco, que someten ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente acordo permitirá establecer unha canle de colaboración entre as entidades asinantes, con pautas que permitan a comunicación e intercambio de información no desenvolvemento do proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde" e dentro da liña de uso e aplicación do H2 para o desenvolvemento de



infraestrutura de investigación para comprobar, prototipar, mellorar e validar solucións de pilas de combustible para mobilidade terrestre.

Segunda. Actuacións a desenvolver

No marco do presente convenio de colaboración ambas as partes mostran a súa vontade de colaborar no intercambio voluntario de información no marco do proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde". Por iso, o alcance das actuacións auspiciadas polo mesmo correspóndese co intercambio mutuo e voluntario de información que sexa de interese para ambas as partes no exercicio das súas funcións.

Terceira. Tratamento de conflitos de interese

Os intercambios de información a realizar no marco do presente convenio, en ningún caso implicarán actividades desenvolvidas polo persoal da Universidade de Vigo que puidesen ter no futuro a consideración de conflito de intereses segundo se define no artigo 64.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP). Por este motivo, as actividades que desenvolva o persoal da Universidade de Vigo no marco do presente convenio excluirán especificamente a súa implicación na elaboración de pregos, valoración de ofertas ou calquera outra implicación nos expedientes de contratación que se puidese interpretar no futuro como unha situación de conflito de intereses de concorrer persoal da Universidade de Vigo nas licitacións que se deriven do proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde".

Cuarta. Relacións laborais

A subscrición do presente convenio marco non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e as persoas traballadoras ou profesionais da Universidade de Vigo, que realicen as actividades obxecto deste.

Quinta. Orzamento

A sinatura do presente convenio marco non xerará custos, nin dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e, por tanto, non precisa consignación orzamentaria; sen prexuízo dos compromisos financeiros que, no seu caso, poidan levar asociados os convenios específicos que posteriormente se formalicen.



Sexta. Recoñecemento público e propiedade intelectual

Na difusión que se realice de todas as accións que se desenvolvan ao amparo deste convenio marco, figurarán de forma expresa as institucións asinantes en calquera publicación científica, aparición en medios de comunicación, presentación pública etc., que estea relacionada cos contidos do presente convenio marco ou dos convenios específicos de desenvolvemento.

Co devandito fin utilizaranse exclusivamente os logotipos e/o anagramas facilitados polas partes, absténdose de efectuar cambios ou modificacións non xustificadas, e sempre despois de solicitar o previo consentimento expreso e escrito da outra parte en cada unha das accións que se desenvolvan ao amparo deste convenio marco.

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereitos de propiedade intelectual ou industrial ou titularidade entre as partes.

O uso non autorizado, ou autorizado para un fin distinto ao pactado no presente convenio por unha das partes, ou o uso de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial desta, facultará á outra parte para instar a resolución do presente convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

Co fin de garantir o cumprimento do convenio marco, ou dos convenios específicos que posteriormente se subscriban, e dos programas que ao seu amparo se poidan realizar, créase unha Comisión de Seguimento paritaria que estará integrada por:

- Dúas persoas representantes da Consellería de Economía, Industria e Innovación, designadas pola Secretaría Xeral de Industria. Unha delas exercerá a Presidencia da Comisión e outra a Secretaría da mesma. En caso de empate nas votacións, a persoa que ostente a presidencia da comisión terá o voto dirimente.
- Dúas persoas representantes designadas pola Universidade de Vigo.

A Comisión de Seguimento reunirse cando as partes o estimen necesario (polo menos unha vez ao ano) para o idóneo desenvolvemento e xestión do programa de actividades obxecto do convenio marco e dos convenios específicos que se asinen, e tamén para o seguimento e avaliación dos mesmos, podendo convocarse por calquera das partes cun mínimo de antelación de quince días, ou de corenta e oito horas se os temas para tratar así o requirisen pola súa urxencia ou necesidade.



A Presidencia da Comisión realizará a convocatoria das reunións, fixará a orde do día e velará polo correcto desenvolvemento das sesións. De cada reunión levantarase acta na que quede constancia dos acordos adoptados.

Son funcións da Comisión de Seguimento:

- a. Definir o Plan de Actividades que recolla propostas de colaboración específicas entre as partes nas distintas modalidades contempladas no presente convenio marco.
- b. Acordar os contidos dos convenios de colaboración específicos que se definan, e avaliar posteriormente o grao de cumprimento dos mesmos.
- c. Realizar o seguimento do financiamento dispoñible para a execución das actividades, no seu caso.
- d. Interpretación das dúbidas que poidan xurdir no seu cumprimento e facilitar a resolución de potenciais conflitos pola vía amigable.

Oitava. Duración

A duración do presente convenio marco de colaboración será de 4 anos, producindo efectos desde o día da súa sinatura, e poderá prorrogarse, por acordo expreso entre as partes, por períodos anuais, sen prexuízo de que calquera das partes poida denuncialo mediante comunicación que dea fe á outra parte, en calquera momento da vixencia do convenio marco, cunha antelación mínima de dous meses. Todo isto sen prexuízo das limitacións temporais previstas no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O presente convenio está suxeito á obtención de financiamento para o proxecto “Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde” da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID), do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Novena. Protección de datos e confidencialidade

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio marco será o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes acordan velar por que calquera información confidencial e/ou sensible que mutuamente poidan trasladarse no desenvolvemento do presente convenio marco, para o cumprimento do seu obxecto e finalidades, non poida usarse para ningunha outra finalidade distinta á expresamente prevista polas partes en cada momento.



Queda ben entendido que a obriga de confidencialidade perdurará con carácter indefinido á finalización, por calquera motivo, das relacións existentes entre as partes por mor do convenio marco ou dos convenios específicos asinados.

Queda excluída do deber de secreto e confidencialidade toda información que sexa de coñecemento público; a que fose recibida de terceiras persoas con anterioridade ao presente convenio; a que se faga pública sen mediar culpa das partes, así como a que deba ser comunicada ás autoridades administrativas ou xudiciais ou ao público, en cumprimento da normativa vixente.

Décima. Resolución anticipada

Serán causas de resolución do presente convenio marco, as seguintes:

- a) O común acordo das partes, que se plasmará por escrito.
- b) A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.
- c) Incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- d) A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- e) Ausencia de desenvolvemento a través de convenios específicos.
- f) A non obtención de financiación para o proxecto "Centro galego de solucións innovadoras en torno á cadea de valor do H2 Verde" da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (FID), do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

No caso de extinción do convenio, por causa diferente á finalización do período de vixencia, a maneira de terminación das actuacións en curso determinarase polas partes no seo da comisión de seguimento prevista neste convenio.

Décimo primeira. Natureza e xurisdición

Este convenio marco ten natureza administrativa, de conformidade co disposto no artigo 47.1 e 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no artigo 6.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.



As partes o subscriben baixo os principios de boa fe, lealdade mutua e cooperación, así como coa firme vontade de dar cumprimento ás súas previsións. Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación das cláusulas deste convenio marco serán resoltas pola comisión de seguimento. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contenciosa administrativo, tras esgotar a vía administrativa.

En sinal de conformidade con canto antecede, as partes asinan o presente convenio marco por duplicado exemplar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Pola Consellería de Economía, Industria e
Innovación:

Pola Universidade de Vigo: